

Pandeireteiras Barro de Arén: Muiñeira Ai la la lara

Barro de Arén, outubro 2005

Informantes: *cantan Gumersinda Castro Porto e Manuela Cortizo Medal e baila Delmira Camiña Pena*

Compiladores: *Guillermo Ignacio, Xandre Outeiro e Marcelo González*

Transcrición da letra: *Guillermo Ignacio Costa*



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Carballás está no alto
Meilide ramo de palma
Cerdedo da miña vida
Barriño da miña alma

Por decir que seas rico
non t'hei levar pola mau (/man)
moitas sedas ten o porco
e mais non sae de marrau

Canta tu, cantarei eu
iremos los dos cantando
canta que tiver amor
o meu váisem'acabando

Eu caseime alá enriba
na terra dos Maraghatos
tocoum'un home barbudo
todo rillado dos ratos

Teño de plantar un pino
na cima do teu tellado
cando o pino dea floress
andarei (/hei d'andar) ó teu mandado